

MANCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



“A creación de mil bosques está contida nunha landra”. Ralph Waldo Emerson

Nº 0 / 2011

Boletín informativo

en - comunicación

en - comunidade

Sumario:

1. Portada.
2. Actividade da Mancomunidade.
3. Comunidades.
4. Enlaces.
5. Convocatorias.

Fala coa

Mancomunidade:

Gustaríanos que funcionara a comunicación entre @s comuneir@s e a Mancomunidade.

Recolle en casa as vosas opinións sobre o monte e cóntanolas: o que vos preocupa, o que che interesa, o que che parece que fáltalle ou sóbralle ao monte...

Dirixete a

montespontevedra@undo-r.com

ou a través do perfil en facebook:

[montespontevedra](#)



Abrimos este primeiro boletín da Mancomunidade de Montes de Pontevedra coa imaxe dos comuneir@s tomada nas I Xornadas de Montes Veciñais de Pontevedra organizada en xuño do ano 2010.

Aquelas xornadas serviron para reunir moitas vontades a prol do monte veciñal e persoas doutras partes de Galicia e de fora dela participaron con nós na presentación de diferentes formas de xestión do monte veciñal.

Nós creemos na xestión colectiva dos bens como unha forma de mantemento dos seus valores culturais e ambientais que debemos facer chegar aos nosos fillos como a herdanza valiosa que é. Máis tamén é fundamental que eles o perciban así e cómpre realizar un intenso traballo de comunicación e educación no que agardamos contar coa colaboración de todas as entidades e persoas de boa vontade.

É intención da Mancomunidade que este boletín chegue e achegue aos comuneir@s á xestión do monte veciñal e que ao tempo de mantel@s informados das actuacións da Mancomunidade e das Comunidades de Montes que a integran, sirva para incentivar un diálogo e debate sobre o futuro dos nosos montes, especialmente neste novo ano 2012 que comeza e no que esperamos poder realizar o Proxecto de Ordenación dos Montes Veciñais de Pontevedra.

Unha aperta a todos,

Juan José González Crespo

Presidente da Mancomunidade de Montes de Pontevedra.

2. Actividade da Mancomunidade

Neste apartado tentaremos facer un resumo temático dos asuntos abordados pola Mancomunidade de Montes de Pontevedra ao longo do ano.

Acordo respecto á Modificación da Lei do Solo.

Nunha das primeiras Asembleas do ano abordouse a modificación da Lei do Solo a través da que se rebaixaba á protección dos montes veciñais na lexislación urbanística. A Mancomunidade acordou informar desta modificación nas Asembleas das Comunidades de Montes e remitir os acordos de oposición á devandita modificación ás administracións local e autonómica así como a prensa. Estes acordos foron adoptados nas Asembleas das Comunidades de Montes de Salgueiral, Marcón, Lérez e Santa María de Xeve.

Tramitación de axudas para o coidado e mantemento dos montes veciñais.

Ao longo do ano 2011 a Mancomunidade serviu de nexo entre as Comunidades de Montes para a tramitación de propostas conxuntas de actuacións de mellora no monte veciñal.

Proposta de zonas de repoboación dirixida á Fundación Biodiversidad.

A primeiros de ano dirixiuse á Fundación Biodiversidad unha proposta de zonas de repoboación que se puideran incorporar ao seu programa anual de actuacións.

Proposta de actuacións de prevención de incendios a solicitude do Distrito Forestal.

A solicitude do Axente Forestal, remitiuse unha proposta de actuacións de prevención de incendios que puideran ser realizadas cos medios propios do Distrito.

Solicitude de axuda de prevención de incendios.

Dentro da Orde anual de axudas para actuacións de prevención de incendios, a Mancomunidade aglutinou e tramitou as solicitudes de axuda de varias Comunidades de Montes: Santa María de Xeve, Salgueiral, Salcedo.

Presentación do proxecto “MONTES DE HOXE – BOSQUES DEL FUTURO” á Fundación Biodiversidad.

Dentro da convocatoria anual de proxectos da Fundación Biodiversidade, presentouse o Proxecto “MONTES DE HOXE – BOSQUES DO FUTURO” que tiña por obxectivo a aplicación dun modelo de xestión forestal integral orientado á loita contra o cambio climático e a sostibilidade dos montes.

Actuacións contra a presenza incontrolada de gando nos montes.

Ao longo do ano 2011 a Mancomunidade tentou mobilizar as administracións para que tomasen medidas contra a presenza incontrolada de gando nos montes. Aos problemas que xeran estes animais, con frecuencia maltratados, nos montes súmanse os xerados ao baixaren as propiedades particulares.


Ante a sordera da administración a Mancomunidade de Montes está a avaliar a presentación dunha demanda fronte a Asociación de Gando do Monte Acibal. As posibilidades de que prospere son escasas ao fallar a identificación dos animais que causan os danos e os custes elevados.

Participación en Consellos de participación municipal.


O Concello de Pontevedra convidou a Mancomunidade de Montes de Pontevedra a estar presente no Consello Municipal de Patrimonio. Desinouse a Carlos Morgade e a José Bravo Portela, secretario e vicepresidente da Mancomunidade, respectivamente, como representantes da mesma.

Colaboración co Concello de Pontevedra.

Solicitouse a colaboración do Concello de Pontevedra na elaboración do Plan de Ordenación dos Montes Veciñais de Pontevedra e a resposta foi positiva. Agárdase a concreción desta axuda do Concello.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra
Tfno presidente: 659 54 55 59
Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24
montespontevedra@mundo-r.com



MARCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



3. Comunidades de Montes

Reservamos este espazo para que as Comunidades de Montes incorporen as novas sobre as actividades mantidas ao longo do ano. Queremos salientar:

Comunidade de Montes de Castro Lampán e Mourente

As Comunidades de Montes de Castro Lampán e Mourente realizaron ao longo do ano os traballos de mantemento das obras de restauración do Monte acollidas as subvencións do Concello de Pontevedra “Monte Vivo”. Tamén se tramitaron as alegacións fronte a ampliación da liña eléctrica que atravesa o monte veciñal.

Comunidade de Montes de Lérez.

A Comunidade de Montes de Lérez está a piques de rematar as obras do Tele Clube.

Comunidade de Montes de Salgueiral.

A Comunidade de Montes de Salgueiral segue adiante coa iniciativa de dinamización socioeconómica do lugar a través da Senda do Almofrei. Ao longo do ano haberá de novo saídas guiadas para escolares pola senda en primavera e en outono. Ademais desenvólvese un proxecto acollido á VOZ NATURA con escolares do centro Juan XXIII ea Xunqueira I.

Comunidade de Montes de Salcedo.

A Comunidade de Montes de Salcedo que obtivo unha sentenza favorable no seu conflito pola propiedade do Montes San Martiño mantén a loita xudicial ao seren recorrida polo Ministerio de Defensa e o Concello de Pontevedra.

4. Enlaces:

A Consellería do Medio Rural: <http://mediorural.xunta.es/>

Ao visor de parcelas catastrais agrarias: <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>

As Sociedades de Fomento Forestal: <http://mediorural.xunta.es/areas/forestal/ordenacion/sofor/>

5. Convocatorias.

Este espazo está reservado para dar a coñecer eventos de interese para @s comuneir@s.

6. Achegas dos comuneir@s

Este outro espazo agardamos poder enchelo coas achegas (construtivas) dos comuneir@s. Participa tamén a través do noso perfil no facebook: montespontevedra.

Subscríbete ao boletín no enderezo: montespontevedra@mundo-r.com